



PORTO DO SON ACOLLERÁ NO MES DE MARZO A UNHA XORNADA SOBRE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO.

O Concello de Porto do Son, en colaboración coa Asociación de Dano Cerebral SARELA, está a organizar unha xornada sobre o Dano Cerebral Adquirido (DCA) na que se abordarán aspectos importantes en relación co Ictus, traumatismos cranioencefálicos e outras causas do dano cerebral.

De man de Dna. Noelia Ouro, Neuropsicóloga da Asociación de Dano Cerebral de Compostela, na xornada abordaranse unha serie de cuestións sobre a prevención, o tratamento, coidados e rehabilitación das persoas con dano cerebral; aspectos de especial interese para coidadores/as, familiares e público en xeral.

Esta xornada, de carácter gratuíto, vai ter lugar o xoves 8 de marzo, ás 17.00h nas Aulas do Viveiro de Empresas de Porto do Son. As persoas interesadas poden obter máis información e realizar a súa inscrición no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar. Teléfono: 981867412).

Porto do Son, 22 de febreiro de 2018.